




INSTRUCCIÓN XERENCIAL DO 16 DE MARZO DE 2020 RELATIVAS AS RESOLUCIÓNS REITORAIS DO 14 E 15 DE MARZO DE 2020 SOBRE O PECHE AO PÚBLICO DAS INSTALACIÓNS E GARANTÍA DA CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POR MOR DO COVID-19 (SARS-CoV-2)

A resolución do 15 de marzo de 2020 non derogou a do 14 de marzo, e clarificou os aspectos referidos á prestación do traballo de xeito non presencial, fundamentalmente determinando os servizos esenciais; polo tanto, e para cumprir a aplicación de ambas, sulíñase a necesidade de:

- Nos servizos da UDC, as persoas que ocupen as xefaturas de servizo ou de unidades comunicarán á Xerencia (correo: servizo.pas@udc.gal) a relación de persoas que farán o seu traballo de xeito presencial e, de ser o caso, as súas quendas.
- Lémbrese que as persoas que realicen o seu traballo de xeito non presencial, deben formular a solicitude individualizada a través do portal do persoal (categoría “teletraballo”).
- Nos centros da UDC, a dirección ou o decanato deberán organizar a prestación do servizo presencial mínimo para atender a continuidade das seguintes funcións esenciais: limpeza de edificios e instalacións, control de acceso de persoas ao centro, recepción e entrega do correo indispensable e mantemento ou reparación dos edificios e instalacións.

Asinado dixitalmente polo xerente da UDC.

Código Seguro De Verificación	qjLN1Q1M75e6JDt/UDDIYA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	16/03/2020 12:39:21	
Observacións		Páxina	1/1	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qjLN1Q1M75e6JDt/UDDIYA==			